

A iniciativa, que nacerá mañá, espallárase desde a capital de Bergantiños a toda Galicia

Autores da zona apoian a difusión da literatura na feira de Carballo

Os promotores da experiencia esperan acadar o obxectivo de achegar as letras galegas á poboación

LA VOZ | CARBALLO

■ Biblos Difusión é o nome dunha innovadora experiencia que nace na capital de Bergantiños, pero coa intención de estenderse a toda Galicia. O obxectivo é simple: achegar a literatura galega ao gran público. E precisamente por iso, a plataforma elixida para poñela en marcha é a feira de Carballo. Galiza Nova de Bergantiños, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e Biblos Clube non están sos nesta aventura, na que tamén colaboran a librería Brañas e algúns dos autores da comarca, que non aportan exclusivamente a súa presenza, senón que mesmo se prestan a participar nun xogo *cos visitantes do mercado*.

De todos estes detalles, pero, sobre todo, dos aspectos que moveron a cada unha das entidades a embarcarse nesta experiencia, falárono o xoves pola noite os seus representantes. Vítor Recarei, responsable de Galiza Nova de Bergantiños e



CASAL

Os promotores da iniciativa explicaron o seu contido nun acto que se celebrou no Casino

autor da idea, ten moi claro o motivo: «Para moitos, o galego é un compromiso diario», pero tamén o obxectivo: «Desde Galiza Nova traballamos para que o galego volva ao lugar que nunca debeu abandonar, para que volva a ser a lingua de todos os galegos». Por iso, o seu labor non remata con Biblos Difusión, senón que para os vindeiros meses tamén prepara unha representación teatral e o

segundo Concerto pola Lingua, que suporá ademais o regreso de Zénzar aos escenarios.

No nome da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Mercedes Queixas non tivo máis que palabras de agradecemento para os promotores dunha actividade «que coincide coa filosofía da asociación», e que non é outra que a de «traballar a prol do desenvolvemento e a expansión da

lingua galega». Pero a entidade, que xa ten máis de trescentos socios e que sigue a medrar, xa se plantexa novos retos, como «a visualización social dos escritores» e a difusión das letras entre «a sociedade en xeral» e os rapaces en particular.

Clube de lectores

Da materialización da idea encargouse Biblos, un clube de lectores que entrou no seu

PROGRAMA

11.00 HORAS

Apertura ■ Abrirase a carpa na praza do Concello na que se repartirá o folleto e comezará o xogo, que consiste en identificar ao maior número de autores.

13.40 HORAS

Entrega de premios ■ Os gañadores recibirán lotes de libros.

terceiro ano de vida e que ten xa máis de 1.600 socios en toda Galicia «e algúns foquiños no mundo enteiro», como comentou Tucho Calvo, o seu representante no acto de presentación que se celebrou no Casino de Carballo.

O clube botou a andar para cubrir as necesidades dun amplo sector da poboación galega que non ten acceso directo aos libros polo feito de que en Galicia «hai un cento de concellos que non teñen unha soa librería», explicou Tucho Calvo.

Tamén anunciou non só a intención de espallar a iniciativa desde Bergantiños «a unha chea de sitios», senón tamén a de ofrecer próximas publicacións con textos de autores da comarca. Para a primeira elixiuse o relato *Amor ás cegas*, de Francisco Xosé Fernández Naval, que tamén estivo en Carballo e expresou o seu orgullo por inaugurar Biblos Difusión. «Que iniciativas coma ésta —dixo— supoñan que a xente poida achegarse máis á literatura do país».